

Resolución do 31 de outubro de 2017, da Comisión de selección para a provisión dunha praza de técnico/a provincial, convocada por resolución do 21/07/2017, pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais dos resultados da proba de coñecementos e se abre o período de emendas.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas de técnico/a provincial, de conformidade co establecido nas bases que rexen o proceso, entre outros temas,

ACORDOU:

Primeiro: Recepción de reclamacións.

Publicada a plantilla de resultados na páxina web de Seaga, foron presentadas tres reclamacións:

- dúas respecto á pregunta número 32, por non existir ningunha resposta correcta para a mesma; a Comisión comprobou tal erro, e anulou esa pregunta substituíndoa pola primeira de reserva.
- unha respecto á pregunta número 60, alegando que a pregunta está fóra do temario. Esta alegación non se acepta, e mantense pregunta e resposta correcta.

A Comisión volveu valorar os resultados das probas de coñecementos de cada persoa aspirante presentada.

Segundo: Aprobar as listas provisionais dos resultados da proba de coñecementos.

De conformidade co establecido na base oitava, acordou aprobar as listas provisionais de resultados da proba de coñecementos pertencente ao proceso de selección.

Terceiro: Facer pública as listas provisionais dos resultados da proba de coñecementos.

De conformidade co establecido na base oitava, acordou facer públicas as listas provisionais de resultados da proba de coñecementos pertencente ao proceso de selección que figuran como Anexo á presente resolución.

Segundo a base oitava.1, a proba cualifícase de 0 a 60 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 30 puntos para superar esta fase.

Cuarto: Alegacións

De conformidade co establecido na base oitava, os/as aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación das listas provisionais, para poder realizar as alegacións que estimen oportunas. De non haber reclamacións, a lista provisional enténdese aprobada definitivamente.

Todas as alegacións dos/as aspirantes, só poderán ser presentadas:

- Nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, de Santiago de Compostela (A Coruña):
 - de luns a xoves: de 09:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 18:00 h
 - venres: de 09:00 h a 14:00 h
- Nas oficinas das delegacións provinciais, de luns a venres, en horario de 09:00 h a 14:00 h. Estas atópanse nos seguintes enderezos:
 - Estrada N-VI, Km 581, Guísamo - Bergondo (A Coruña)
 - Polígono industrial do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17; Lugo
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), parcela 1-G, nave 3, San Cibrao das Viñas (Ourense)
 - Lg. Cabanas – Salcedo, 54; Pontevedra



O derradeiro día de presentación de alegacións será o luns, 6 de novembro.

A presentación de alegacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2017

Martín Martínez Abal

Presidente da Comisión